



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 4 DE XULLO DE 2019,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situación de risco sanitario.

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se aproban medidas en materia de planificación de autorizacións de instalación de salóns de xogo e tendas de apostas na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Ponte Caldelas, da estrada PO-180 (PO-532-Vilarchán-PO-532) desde o punto quilométrico 0+000 ao 1+540.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2019/2020.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Augas de Galicia e a Fundación Universidade da Coruña para o proxecto de



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique (AQUA-MOZ), por un importe total de cento setenta e cinco mil euros (175.000,00€).

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (Fundación CETMAR), no marco da iniciativa de desenvolvemento do sector acuícola e pesqueiro artesanal na Baía de Sechura, Perú, por importe total de trescentos trinta e catro mil vinte e catro euros con sesenta e sete céntimos (334.024,67€).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fundación Ayuda en Acción no marco da iniciativa de desenvolvemento do sector acuícola e pesqueiro artesanal na Baía de Sechura, Perú, por importe total de douscentos dezasete mil cento dous euros con noventa e sete céntimos (217.102,97€).

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto derivado da contratación, suxeita a regulación harmonizada, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria e documentalmente simplificada, do servizo de administración, xestión técnica, control, operación e mantemento da infraestrutura da Rede corporativa de voz e datos da Xunta de Galicia, IVE ao 21% incluído, de tres millóns douscentos corenta e un mil cento cincuenta e catro euros con corenta céntimos (3.241.154,40 €) e un valor estimado de seis millóns catrocentos vinte e oito mil setecentos trinta e seis euros (6.428.736,00 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Universidade de Santiago de Compostela para o cofinanciamento do proxecto Bioincubatech, Incubadora de alta tecnoloxía para o fomento da innovación e transferencia de biotecnoloxía nos ámbitos da saúde e das tecnoloxías alimentarias ás micropemes, por importe dun millón cincocentos setenta e sete mil cincocentos oito euros con setenta e oito céntimos (1.577.508,78€) e que os pagamentos anticipados e á conta poidan alcanzar ata un 86% da porcentaxe subvencionada.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, S.L. para o cofinanciamento do proxecto Bioincubatech, Incubadora de alta tecnoloxía para o fomento da innovación e transferencia de biotecnoloxía nos ámbitos da saúde e das tecnoloxías alimentarias ás micropemes, por importe de cento oitenta e oito mil douscentos sesenta e seis euros con sesenta e



sete céntimos (188.266,67€) e que os pagamentos anticipados poidan alcanzar ata un 55% da subvención concedida.

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Cámara de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela para o cofinanciamento do proxecto Bioincubatech, Incubadora de alta tecnoloxía para o fomento da innovación e transferencia de biotecnoloxía nos ámbitos da saúde e das tecnoloxías alimentarias ás micropemes, por importe de noventa e catro mil cento trinta e tres euros con trinta e tres céntimos (94.133,33€), que os pagamentos anticipados poidan alcanzar ata un 60% da subvención concedida e que se exima da constitución de garantías polos citados pagamentos.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Juana de Vega para o desenvolvemento do proxecto de mellora da imaxe paisaxística dos Camiños de Santiago, por importe total de cento noventa e dous mil novecentos cincuenta e seis con euros con vinte e oito céntimos (192.956,28€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social a establecer porcentaxe superior nos pagamentos anticipados e á conta, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán a concesión de axudas económicas para a creación de escolas infantís 0-3 en polígonos industriais e outros contornos laborais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2019 e 2020. Importe total: oitocentos mil euros (800.000,00€).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza á Consellería do Medio Rural a concesión de subvencións aos consellos reguladores das denominacións de calidade para financiar os seus gastos de funcionamento, por un importe total de cincocentos mil euros (500.000,00€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre o incremento salarial xeral a todos os empregados públicos da Xunta a partir do 1 de xullo de 2019 e balance do Acordo de concertación social.



CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe relativo á extensión do nomeamento eventual de continuidade ao persoal de enfermería.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a resolución da Orde do 21 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2019 para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables.

A XUNTA IMPULSA A LEI DE GARANTÍA DO ABASTECIMENTO PARA ADAPTAR A XESTIÓN DA AUGA AO NOVO CONTEXTO CLIMÁTICO E BLINDAR UNHA RESPOSTA ÁXIL E COORDINADA ANTE A SECA E O RISCO SANITARIO

- ***A norma busca mellorar a eficiencia dos sistemas de abastecemento de auga e establecer con claridade os protocolos de actuación das administracións públicas en caso de alerta, facilitando, ademais, a adopción de medidas extraordinarias de forma áxil***
- ***A Xunta apoiará técnica e financeiramente os concellos na mellora do abastecemento da auga, priorizando a axuda aos que aposten pola xestión responsable***
- ***Para os concellos de máis de 20.000 usuarios establécese un prazo de dous anos para a elaboración, coa axuda da Xunta, de plans municipais de emerxencia fronte á seca cun contido mínimo***
- ***As fugas das redes de abastecemento deberán situarse por debaixo do 20% nun prazo máximo de 3 anos desde a entrada en vigor da lei, de acordo co pactado entre a Xunta e a Fegamp***
- ***En situación de alerta por seca os concellos deberán ditar as disposicións necesarias para asegurar o aforro de auga, restrinxindo o seu uso para fins secundarios e podendo utilizar a auga depurada para a rega ou bocas de incendios, logo de desinfección***
- ***As obras destinadas a garantir o abastecemento de auga en caso de emerxencia prevalecerán sobre o planeamento urbanístico e comportarán a urxente ocupación dos terreos necesarios***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto da primeira lei de garantía do abastecemento coa fin de adaptar a xestión da auga ao novo contexto climático e de blindar unha resposta áxil e coordinada axeitada por parte das administracións públicas ante situacións de seca ou de alerta sanitaria.

Tras recibir o visto e praxe do Consello da Xunta, o proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario inicia o seu trámite parlamentario, co obxectivo de que resulte aprobado definitivamente no vindeiro período de sesións.

Con esta lei, o Goberno galego afonda nun corpo normativo sobre a xestión do ciclo da auga na Comunidade, que ten como principal referencia a Lei 9/2010, de augas de Galicia, que, desde a súa aprobación, permitiu mellorar a xestión dos sistemas de depuración, saneamento e abastecemento e a construción de importantes infraestruturas.

Nos últimos anos, os episodios de escaseza de precipitacións asociados ao cambio climático –o máis recente e notable no ano 2017- e os eventos puntuais de diminución da calidade da auga destinada a consumo humano, puxeron de manifesto a necesidade de prepararse e evitar ver comprometido o abastecemento en cantidade e calidade.

Por ese motivo, a Xunta de Galicia impulsa unha lei destinada, por unha banda, a actuar na prevención, dotando de maior eficiencia a xestión das reservas de auga e dos sistemas de abastecemento, fomentando, ao mesmo tempo, a responsabilidade no uso deste recurso; e, por outra banda, para establecer con claridade os protocolos de actuación que deben seguir as administracións públicas en caso de seca ou alerta sanitaria, facilitando, desde o punto xurídico, a máxima axilidade na adopción de medidas extraordinarias destinadas a garantir a auga á poboación.

E todo iso tendo en conta que os titulares das competencias directas no abastecemento de auga á poboación son os concellos e que na nosa Comunidade a xestión do dominio público hidráulico está dividida entre Augas de Galicia, no caso da demarcación Galicia-Costa, e o Goberno central, no resto do territorio.

A Lei de medidas de garantía de abastecemento nace con tres grandes obxectivos: asegurar a subministración de auga en cantidade e calidade axeitadas á poboación; reducir a vulnerabilidade dos sistemas de abastecemento fronte á seca; e a protección da saúde pública en caso de risco sanitario no abastecemento.

Con esta norma, a Administración autonómica asume a responsabilidade de velar de forma directa por que os concellos garantan o abastecemento de auga á poboación, reforzando o seu labor de asistencia técnica e financeira ás entidades locais, un papel no que resultará tamén crucial a implicación das deputacións provinciais na asistencia aos municipios máis pequenos.

A Xunta dará prioridade ao apoio a aqueles municipios que aposten pola responsabilidade na xestión da auga e pola planificación das actuacións en caso de seca ou risco sanitario.

Reforzo da aposta pola planificación

Para acadar os obxectivos fixados, a lei reforza a aposta pola planificación como ferramenta tanto para dotar de maior eficacia e eficiencia no funcionamento dos sistemas de abastecemento, como para asegurar a resposta áxil e eficaz en caso de seca ou alerta sanitaria.

Así, o proxecto de lei recolle a obriga tanto das demarcacións hidrográficas como dos concellos ou entes titulares de sistemas de abastecemento de auga con máis de 20.000 usuarios de contar cun plan de seca.

No caso de Augas de Galicia, a lei recolle a obriga de contar co seu propio plan de seca, como todos os organismos de bacía, e introduce como novidade o deber deste organismo de emitir anualmente un informe de seguimento e de revisar e actualizar ese plan cada seis anos.

No caso dos concellos e entes locais fíxase o contido que, como mínimo, deben ter os plans de emerxencia por seca: unha descrición e diagnóstico do sistema de abastecemento; a

identificación das zonas máis vulnerables e das actividades estratéxicas no ámbito; un sistema de indicadores que permita prever os escenarios de risco con anticipación; a previsión de alternativas para a subministración de auga e as actuacións necesarias para garantir o abastecemento durante o episodio de seca.

Cómpre ter en conta que actualmente non existe ningún concello na demarcación hidrográfica Galicia-Costa que conte cun plan de emerxencia fronte á seca aprobado por Augas de Galicia, motivo polo que a Xunta convocou recentemente unha orde de axudas para apoiar económica e tecnicamente os municipios na súa elaboración.

O proxecto de lei aprobado hoxe concede un prazo de dous anos desde a súa entrada en vigor para que os concellos ou entidades titulares dos sistemas de abastecemento con máis de 20.000 habitantes elaboren os plans de emerxencia fronte á seca.

Control e mellora da xestión dos sistemas de abastecemento

A Lei fai especial fincapé na procura dun maior control e eficiencia na xestión dos sistemas de abastecemento e no fomento, por parte dos seus titulares, dun uso responsable da auga. Así, promove a revisión das tarifas municipais polos servizos de subministración de auga para garantir que incentiven o aforro no consumo.

Ademais, establécese a obriga de que os concellos ou entidades titulares dos sistemas de abastecemento leven control dos caudais que se destinan a cada uso e informen ao respecto a Augas de Galicia, priorizando o uso da auga potable para o abastecemento.

Faise fincapé na cuantificación e erradicación das perdas de auga nas redes de abastecemento, pois está constatado o que nalgúns sistemas municipais as fugas acadan ata o 40% do caudal. Para iso, os titulares das redes de abastecemento deberán dispor de contadores homologados de caudal tanto nos puntos de captación de auga como nos puntos de subministración final.

Nunha medida acordada coa Federación Galega de Municipios e Provincias, establécese o deber de auditar e cuantificar as perdas nas redes de todos os sistemas de abastecemento de Galicia, co fin de aprobar nun prazo de dous anos un plan de redución das fugas de auga. A partir de aí, as administracións terán un ano máis para aplicar eses plans e reducir as perdas por debaixo do 20%.

Ademais, a Lei habilita a Administración autonómica para penalizar esas excesivas perdas nas redes a través dun canon que será, en todo caso, de carácter finalista e deberá destinar a súa recadación á renovación das redes de abastecemento e reducir as fugas.

Xestión dos episodios de seca e risco sanitario

A Lei busca deixar establecidos os protocolos de actuación nos diferentes escenarios de alerta por seca ou risco sanitario e as responsabilidades que corresponden tanto aos

concellos e entidades responsables dos sistemas de abastecemento como á Administración hidráulica de Galicia.

En función do escenario de alerta que determinen os indicadores, os concellos deberán ditar disposicións dirixidas ao aforro da auga, restrinxindo o uso de auga potable para fins secundarios, e executar as actuacións identificadas como necesarias para garantir o abastecemento, de acordo co establecido no seu plan de emerxencia.

Así mesmo, poderán reutilizarse as augas residuais depuradas para usos tales como as fontes ornamentais, a rega de xardíns, baldeos ou as bocas de incendios, sempre logo do proceso de desinfección.

A Administración hidráulica de Galicia, pola súa banda, colaborará na avaliacións dos riscos, valoración de medidas e, en caso de incumprimento, poderá actuar subsidiariamente co fin de asegurar a subministración de auga á poboación.

En relación cos episodios de risco sanitario, clarifícanse as distintas competencias en relación coa calidade da auga, incidindo na responsabilidade das administracións non só sobre os abastecementos públicos se non tamén sobre os privados.

E complétase o procedemento a seguir ante situacións de risco sanitario, quedando habilitada a autoridade sanitaria que se deberá realizar os controis oportunos da calidade da auga nas distintas infraestruturas de abastecemento.

Axilización dos trámites para actuacións de emerxencia

A lei contén as medidas xurídicas e administrativas para facilitar as actuacións necesarias para garantir o abastecemento de auga en cantidade ou calidade en caso de necesidade. Así, prevé a tramitación dos convenios entre administracións responsables dos abastecementos e a Xunta a través do procedemento de urxencia.

Esas medidas adoptadas en situación de seca ou risco sanitario levarán implícita declaración de utilidade pública e a necesidade de urxente ocupación dos terreos necesarios para a execución das actuacións necesarias. Ademais, a execución de obras destinadas a garantir o abastecemento de auga en caso de emerxencia declarada prevalecerá sobre os instrumentos de planeamento urbanístico, que será posteriormente adaptado á actuación.

Finalmente, e no tocante á responsabilidade directa de Augas de Galicia como responsable da xestión do dominio público hidráulico na demarcación Galicia-Costa, a lei establece a adaptación dos caudais ecolóxicos ao escenarios de alerta ou emerxencia, excepto en zonas protexidas e sempre que así o autorice o Consello reitor en que están representados todos os axentes implicados na xestión da auga.

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE DECRETO QUE LIMITA O NÚMERO DE SALÓNS DE XOGO E TENDAS DE APOSTAS NA NOSA COMUNIDADE

- ***O límite máximo será de 118 salóns de xogo e 41 tendas de apostas***
- ***O texto especifica que se, unha vez acadado o número máximo de autorizacións, se producise a extinción dalgunha das existentes, o número máximo decrecerá na mesma proporción***
- ***Os casinos e bingos xa contan cunha planificación na normativa correspondente, pero esta non existía para os salóns de xogo e tendas de apostas***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto polo que se aproban as medidas na planificación de autorizacións de instalación de salóns de xogo e tendas de apostas en Galicia. Concretamente, o límite sitúase en 118 salóns de xogo (99 xa funcionando e 19 expedientes pendentes) e 41 tendas de apostas, todas funcionando e sen ningunha solicitude en tramitación na actualidade.

O texto indica expresamente que, se, unha vez acadado o número máximo de autorizacións, se producise con posterioridade a extinción dalgunha das existentes, o número máximo decrecerá na mesma proporción, isto é, nunha cantidade igual á autorización ou autorizacións extinguidas. As solicitudes que se atopan en tramitación na data da entrada en vigor do decreto deberán ser resoltas por estrita orde de presentación.

O decreto aprobado hoxe ten un carácter temporal e transitorio, cunha duración máxima de nove meses, contados desde a aprobación do acordo no Consello do pasado día 16 de maio, á espera da entrada en vigor da nova Lei do xogo, que iniciará en breve a súa tramitación. No caso de que antes de que venza ese prazo de 9 meses non estase en vigor a nova lei e o que dispoña nesta materia, o acordo prevé que se efectúe unha avaliación da oferta co fin de determinar a necesidade de adopción dun novo acordo.

A actividade do xogo ten unhas características intrínsecas que fan necesaria unha intervención por parte da Administración para ofrecer seguridade ás persoas, garantir a protección dos menores ou persoas que o precisen por motivos de saúde e velar pola orde pública. O propio Tribunal de Xustiza da Unión Europea recoñeceu que as consecuencias prexudiciais que implica a actividade do xogo xustifica a imposición de límites para controlar os riscos.

No caso dos casinos e das salas de bingo, estes xa contan cunha planificación de autorizacións nas normativas correspondentes. Con todo, as outras dúas tipoloxías de establecementos de xogo -os salóns de xogo e as tendas de apostas- non contaban cunha planificación como tal, aínda que si con limitacións en materia de distancias a outros establecementos de xogo e/ou centros educativos de menores de idade.



Ademais das razóns de interese xeral relacionadas coa orde e saúde pública, este decreto ten como obxecto impedir condutas especulativas que poidan repercutir no futuro na eficacia da nova Lei do xogo e da planificación que se adopte con ela, especialmente tendo en conta que nos últimos anos se vén detectado un incremento considerable nas solicitudes de autorización e que no resto de comunidades autónomas se está producindo un enorme crecemento da actividade do xogo.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DE PONTE CALDELAS DUN TREITO ANTIGO DA ESTRADA PO-532

- *Trátase dun treito cunha lonxitude de 1,54 quilómetros, entre os puntos quilométricos 0+000 e 1+540 da citada vía*
- *Os cambios de titularidade tramítanse conforme ca Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto do Goberno galego por proposta do departamento de Infraestruturas da Xunta*
- *Coa transferencia, o Concello asume a responsabilidade da conservación do treito e poderá actuar de modo acorde coas súas características*
- *A entrega do treito formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega, no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a transferencia ao Concello de Ponte Caldelas dun treito antigo da estrada PO-532.

O Concello de Ponte Caldelas manifestou á Axencia Galega de Infraestruturas o seu interese polo cambio de titularidade da estrada autonómica PO-180 (PO-532-Vilarchán-PO-532), concretamente dun tramo antigo resultante dunha mellora de trazado realizada sobre a antiga estrada comarcal C-531, hoxe denominada PO-532.

O treito que se transfire conta cunha lonxitude de 1,54 quilómetros, entre os puntos quilométricos 0+000 e 1+540.


A transferencia a prol do concello pontevedrés deste treito do viario autonómico tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que deberá ser aprobado mediante decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Executivo autonómico, o Concello de Ponte Caldelas terá a competencia para actuar neste vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

A entrega do treito formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega, no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta





APROBADO O DECRETO DE PREZOS UNIVERSITARIOS PARA O VINDEIRO CURSO, POLO QUE SE CONXELAN AS MATRÍCULAS DE GRAO POR NOVENO ANO CONSECUTIVO NAS UNIVERSIDADES GALEGAS

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao novo decreto para o período 2019/20, co que Galicia seguirá sendo a Comunidade co prezo medio máis barato do Estado para cursar estudos de grao e máster habilitante***
- ***Esta medida suporá un aforro de preto de 20 millóns de euros en matrículas para as familias galegas con estudantes universitarios, a razón de entre 340 e 1.870 €/familia en función do tipo de estudos***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao novo decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2019/20. Deste xeito, Galicia reafírmase como a única Comunidade Autónoma que mantería conxelados os prezos das matrículas universitarias de grao por noveno ano consecutivo, e sitúase, de novo, coas taxas máis baratas do Estado para cursar estudos de grao e máster habilitante.

Esta medida supón un aforro de preto de 20 millóns de euros en matrículas para as familias galegas con estudantes universitarios, que se reparten en contías que van de entre os case 340 €/curso para un estudante de grao ata os 1.872 €/curso para un estudante dun máster habilitante (que é necesario para exercer unha profesión).

Matrículas de grao

No caso das matrículas de grao, o prezo medio manteríase nos 11,89 €/crédito, o que supón un aforro de 5,66 euros con respecto aos 17,55 €/crédito de media de España. Cataluña é a comunidade autónoma coas taxas máis elevadas, cunha media de 33,52 €/crédito.

As de grao acaparan o 90% do total de matrículas do Sistema universitario galego, polo que con esta conxelación de taxas un estudante galego de grao pode aforrar, con respecto á media de España, un total de 339,60 euros ao curso en matrículas.

Matrículas de máster

No que atinxe aos másters, o Goberno galego tamén mantería conxeladas todas as taxas para o vindeiro curso universitario.

Deste xeito, no caso dos másters non habilitantes (que permiten unha especialización de coñecementos ou de inicio á carreira científica), Galicia segue a ser a cuarta máis baixa do Estado, cun custo de matrícula de 26,49 €/crédito. Isto é, 5,75 €/crédito menos cá media estatal, que se sitúa nos 32,24 euros, e en que Cataluña segue a ser a comunidade máis cara con 53,29 euros/crédito de media.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O alumnado que cursa este tipo de máster representa o 7% do sistema, con algo máis de 4.000 estudantes. Canto ao aforro das familias con respecto á media estatal, sitúase nuns 345 €/curso e por estudante.

No caso dos másters habilitantes (necesarios para exercer unha profesión), a taxa media de matrícula mantense nos 11,89 €/crédito (igual que os estudos de grao), cun aforro de 11,76 € con respecto ao prezo medio do Estado, que se sitúa nos 23,65 €/crédito. Isto fai que as familias galegas cuxos fillos cursen o vindeiro ano un máster habilitante nalgunha das universidades galegas aforren unha media de 1.872 euros por curso en comparación coa media de España. As matrículas nesta modalidade representan o 3% do conxunto do sistema.



A XUNTA INVESTIRÁ PRETO DE 700.000 EUROS EN PROXECTOS DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO EN PERÚ E MOZAMBIQUE

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura de tres convenios de colaboración***
- ***En Perú as accións levaranse a cabo en colaboración coa Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR) e coa Fundación Axuda en Acción***
- ***O proxecto de Mozambique realizarase coa axuda de Augas de Galicia e da Fundación Universidade da Coruña***

A Xunta investirá preto de 700.000 euros para a posta en marcha de proxectos de cooperación para o desenvolvemento destinados en Perú e Mozambique. O Consello da Xunta autorizou hoxe tres convenios de colaboración neste sentido.

No caso de Perú, as actuacións centraranse no sector acuícola e pesqueiro artesanal na Bahía de Sechura (Perú). Un dos proxectos levarase a cabo coa Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR), e o outro, coa Fundación Axuda en Acción. Tanto os proxectos que se financian como as subvencións recollidas nos convenios distribuiranse en 3 anos.

O obxectivo principal do convenio coa Fundación CETMAR é fortalecer a coordinación interinstitucional e participación sectorial no deseño de políticas estratéxicas para a pesca artesanal e acuicultura en Sechura, mellorar a empregabilidade do sector pesqueiro e acuícola; introducir melloras tecnolóxicas na cadea produtiva; identificar oportunidades de diversificación e explorar oportunidades de mellora para a xestión ambiental na zona. A Xunta achegará algo máis de 317.000 euros e a Fundación CETMAR investirá case 17.000 euros neste convenio.

Pola súa banda, o convenio coa Fundación Axuda en Acción ten entre os seus obxectivos mellorar a capacidade de organización e cultura empresarial das organizacións de pescadores e cooperativas e explorar tamén oportunidades de mellora para a xestión ambiental, acompañadas por actividades de educación e sensibilización. A achega da Xunta neste caso será de 200.000 euros, e a Fundación Axuda en Acción achegará uns 17.000 euros para a execución deste proxecto.

Previamente á sinatura destes convenios, a Fundación CETMAR realizou unha misión de identificación na zona, na cal tamén participaron os diferentes axentes con experiencia na zona para recoller de forma específica as necesidades de apoio técnico.

Estas iniciativas inscríbense no marco do memorando de entendemento asinado entre o Ministerio da Producción da República do Perú e a Xunta de Galicia para a posta en marcha de proxectos e iniciativas de cooperación técnica, científica e tecnolóxica destinados á mellora da xestión, produción e comercialización dos produtos pesqueiros e acuícolas que permitan incrementar o desenvolvemento das poboacións costeiras.



Cooperación con Mozambique

Pola súa banda, as accións en Mozambique articularanse ao abeiro dun convenio entre a Vicepresidencia da Xunta, Augas de Galicia e a Fundación Universidade da Coruña. As actividades céntranse no fortalecemento institucional da Administración rexional da auga do Sur - organismo homólogo a Augas de Galicia no sur de Mozambique - para facer fronte á seca que padece o sur do país desde o ano 2016 (a máis severa nos últimos 25 anos). Para iso, traballárase no desenvolvemento dun sistema de indicadores e dun plan de xestión que permitan mellorar a vixilancia e a xestión dos eventos de seca empregando tecnoloxías e metodoloxías adaptadas á realidade mozambicana. As accións tamén prevén o fortalecemento da administración de auga do norte do país na xestión de encoros. O Goberno galego achegará 175.000 euros a esta iniciativa.

As actuacións, que se levarán a cabo entre este ano e o próximo, pretenden así contribuír a mitigar os impactos do cambio climático en Mozambique en relación cos impactos derivados de eventos hidrolóxicos extremos e coa escaseza de auga e dar continuidade ás accións de cooperación desenvolvidas, desde 2012 por Augas de Galicia e a Vicepresidencia da Xunta para o fortalecemento da xestión dos recursos hídricos en Mozambique.

A XUNTA LICITA O SERVIZO QUE GARANTE A MÁXIMA DISPOÑIBILIDADE DAS INFRAESTRUTURAS DE TELECOMUNICACIÓNS DA ADMINISTRACIÓN

- ***O Centro de Xestión de Rede supervisa o funcionamento da rede de voz e datos da Xunta a que están conectados máis de 61.300 equipamentos, entre antenas de telecomunicacións, routers, puntos wifi e centraliñas telefónicas, entre outros***
- ***O novo contrato incide na xestión proactiva para anticiparse ás incidencias e reducir os tempos de resposta cando se produzan***
- ***Ademais, prevé a posibilidade de ampliación dos servizos ante as necesidades derivadas do proceso de transformación dixital da Administración***
- ***Actualmente, á rede corporativa autonómica presta servizo a preto de 2.800 centros públicos, nos cales se inclúen os 313 concellos***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación do servizo do Centro de Xestión de Rede (CXR) que garante a xestión e control, as 24 horas do día os 365 días do ano, das infraestruturas de telecomunicacións que dan servizo a preto de 2.800 centros públicos, a maioría da Administración autonómica, xunto cos 313 concellos de Galicia nas súas comunicacións coa Xunta.

O novo contrato, que se licitará por un valor estimado de 6,4 millóns de euros por dous anos prorrogables por outros dous, incide na xestión proactiva para anticiparse ás posibles incidencias e corrixir, cando sexa posible, calquera deficiencia nela, incluso antes de que sexa percibida polos propios usuarios.

Ademais, busca reducir os tempos de resposta para tramitar e resolver o antes posible calquera incidencia notificada polos usuarios co obxectivo de garantir a máxima dispoñibilidade das comunicacións móbiles, fixas e da internet.

Por outra banda, e ante o proceso de dixitalización en que está inmersa a Administración autonómica, o contrato prevé tamén o proxecto de ampliación dos servizos. Só entre 2017 e 2018 o número de incidencias resoltas polo CXR se incrementou máis dun 41%, pasando de 20.174 a 28.544 e o número de chamadas un 22%, de 54.603 en 2017 a 66.900 en 2018.

Actualmente, o CXR xestiona 61.353 equipamentos conectados á rede corporativa da Xunta, que abranguen antenas de telecomunicacións, puntos wifi, routers, centraliñas telefónicas, etc., que dan servizo de voz e datos a centros educativos públicos, oficinas de emprego, xulgados, concellos e centros dependentes da Deputación Provincial da Coruña.

As melloras dos últimos dez anos nas infraestruturas de telecomunicación da rede corporativa incrementaron a velocidade media de acceso á internet de 5,47Mbps en 2009 aos 235Mbps rexistrados en 2018.

A XUNTA COLABORA COA USC, A CAMARA DE COMERCIO DE SANTIAGO E UNINOVA NO PROXECTO BIOINCUBATECH, QUE MOBILIZARÁ 1,86M€ NA INCUBACIÓN DE 40 PEMES BIOTECNOLÓXICAS

- ***O Consello de Goberno autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria a asinar, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), os convenios de colaboración que permitirán o desenvolvemento da nova aceleradora***
- ***A incubadora cubrirá nunha primeira fase as necesidades específicas para a creación e posta en marcha das empresas e, a continuación, apoiará a súa maduración a través do fomento da transferencia de coñecemento, da captación de talento, da internacionalización e da consecución de recursos financeiros***
- ***O Campus Vida de Santiago de Compostela, como epicentro da produción científica en materia biotecnolóxica, será o encargado de conectar o ecosistema investigador cos emprendedores e co resto dos sectores produtivos galegos***
- ***Súmase a outras iniciativas en materia bio, como a primeira incubadora en España para o descubrimento temperán de fármacos, en que participan a Xunta, a multinacional Janssen e a Fundación Kaertor***
- ***A Administración autonómica tamén vén de renovar recentemente a súa colaboración con Bioga para seguir impulsando a innovación biotech***
- ***A Estratexia de impulso da biotecnoloxía de Galicia permitirá mobilizar 186M€, o 94% do programado para o período 2016-2020, e acadar un nivel de facturación de 323 millóns anuais, por riba xa da previsión establecida para finais desta década***

O Consello da Xunta autorizou hoxe á Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), a sinatura de tres convenios coa Universidade de Santiago de Compostela (USC), a Cámara de Comercio santiaguesa e a Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras (Uninova) para colaborar no desenvolvemento do proxecto Bioincubatech. Trátase dunha aceleradora de alta tecnoloxía do ámbito biotecnolóxico que, cunha mobilización prevista de case 1,86 millóns de euros, ten como principal obxectivo a incubación de micropemes relacionadas con este sector e impulsar a mellora e a innovación de empresas, sobre todo vinculadas coa saúde e coas tecnoloxías alimentarias, para que poidan gañar en competitividade.

A Axencia Galega de Innovación achega preto de 372.000 euros –o 20% do financiamento, pois o 80% restante procede de fondos europeos que son concedidos á Fundación Incyde–, e participa na definición, execución e supervisión da dirección estratéxica e de xestión de Bioincubatech. Deste xeito, todas as actividades desenvolvidas estarán coordinadas coas políticas públicas de transferencia e encaixarán tanto na Estratexia de impulso da biotecnoloxía en Galicia 2016-2020 como na Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia.

O proxecto supón a creación dunha infraestrutura centralizada, de altas capacidades con base en servizos de alto valor engadido, que contará cun equipo humano capacitado e con gran experiencia tanto no ámbito científico/tecnolóxico como no empresarial, que prestará servizos para a aceleración das empresas.

En concreto, permitirá a incubación de 40 empresas e a prestación de servizos avanzados, e porá á disposición das empresas e proxectos incubados equipamentos de investigación e desenvolvemento punteiros. Liderado pola USC –que ofrece os recursos da súa Rede de infraestruturas de apoio á investigación e ao desenvolvemento tecnolóxico–, Bioincubatech conta coa colaboración da Cámara de Comercio, Uninova e de Gain, ademais da participación activa dos clústers galegos dos sectores obxectivo (Bioga, Clusaga e Clúster da Saúde) e ten unha forte orientación empresarial e de xeración de valor a partir de coñecemento, garantida pola presenza de máis de 50 empresas do tecido rexional, estatal e internacional.

Bioincubatech consta dunha primeira fase de dotación e mellora de infraestruturas para cubrir as necesidades específicas da creación e primeiras fases da vida das empresas deste sector. Tamén despregará unha ampla oferta de programas de apoio á creación e maduración de novas empresas en torno a catro eidos de actuación: fomento da transferencia de coñecemento e innovación, captación de talento directivo, cooperación e despregue internacional e consecución de recursos financeiros.

Por este motivo, ao incentivar o emprendemento innovador, Bioincubatech actuará como un catalizador para a transferencia de todas estas capacidades á sociedade, e o Campus Vida será o epicentro da produción científica en materia biotecnolóxica, é dicir, a conexión do ecosistema investigador cos emprendedores e co resto dos sectores produtivos galegos. Así, cunha planificación deseñada para desenvolverse ata o ano 2021, Bioincubatech favorecerá a creación de emprego de alta cualificación e a mobilización e atracción de investimento público-privado.

Este proxecto sumarase a outras iniciativas que xa se están desenvolvendo en Galicia, como a primeira incubadora en España para o descubrimento temperán de fármacos, promovida en Santiago pola Xunta, a multinacional Janssen e a Fundación Kaertor; ou a selección de Bioga para liderar un Hub de innovación dixital que aglutina os principais axentes do ámbito biotecnolóxico, da saúde e da agroalimentación.

Convenio con Bioga e balance da estratexia biotecnolóxica

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, dentro deste impulso da industria biotecnolóxica en Galicia, tamén vén de renovar recentemente o acordo de colaboración co Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida (Bioga) para 2019 e 2020.

Cun orzamento de 157.480 euros, financiado na súa totalidade por Gain, o convenio permite impulsar a innovación biotech e consolidar a biotecnoloxía como unha tecnoloxía facilitadora esencial para os sectores produtivos máis tradicionais de Galicia, así como desenvolver novas accións de networking e de cooperación intersectorial.

Tanto os tres convenios vinculados ao desenvolvemento da incubadora Bioincubatech como o acordo renovado con Bioga forman parte das medidas recollidas na Estratexia de impulso

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

da biotecnoloxía en Galicia 2016-2020. De feito, no Consello da Xunta de hoxe aproveitouse para facer un balance dos fitos acadados ata agora.

Así, a través desta estratexia, Galicia puido mobilizar xa 186M€ (o 94% do programado para todo o período, ata 2020), dos cales 120,4 millóns corresponden a investimento público (96% do previsto) e 65,8 millóns a fondos privados (90% do total). O seu desenvolvemento tradúcese na creación de 18 novas empresas bio en Galicia durante os anos 2016 e 2017, período en que, ademais, se xeraron 240 novos empregos, e unha facturación anual do sector que alcanza os 323 millóns de euros (superando xa a previsión marcada para 2020 de acadar os 300M€).

Estas cifras explican que, segundo o último informe da Asociación Española de Empresas de Biotecnoloxía (Asebio) correspondente ao ano 2017, Galicia ocupe a terceira posición a nivel nacional con maior número de empresas biotecnolóxicas creadas.

A XUNTA E A FUNDACIÓN JUANA DE VEGA COLABORARÁN NO IMPULSO DE MEDIDAS CONTRA O FEÍSMO NO CAMIÑO DE SANTIAGO

- ***O Consello da Xunta autoriza un convenio dotado con 200.000 euros que busca eliminar os elementos que deterioran a paisaxe da Ruta Xacobeá***
- ***O proxecto contará co asesoramento dos especialistas da Escola Galega da Paisaxe, que identificarán os elementos que deterioran a paisaxe e poranse en contacto cos propietarios co obxectivo de procurar a mellor solución***
- ***A posta en valor dos trazados de peregrinación de cara á celebración do vindeiro Ano Santo é un dos principais obxectivos do Goberno autonómico***

O Consello da Xunta deu hoxe un novo impulso á loita contra o feísmo no Camiño de Santiago ao autorizar a sinatura dun convenio de colaboración coa Fundación Juana de Vega. Trátase dun acordo dotado con preto de 200.000 euros, que permitirá desenvolver un proxecto para eliminar os elementos que deterioran a imaxe da Ruta Xacobeá grazas ao asesoramento dos especialistas da Escola Galega da Paisaxe, unha institución creada pola dita fundación para promover o estudo, a investigación, a formación e a difusión do coñecemento en materia de paisaxe.

Neste senso, a Xunta de Galicia e a Fundación Juana de Vega impulsarán un proxecto que contribuirá a combater o feísmo na contorna do Camiño de Santiago ao tempo que porá en valor as diferentes rutas de peregrinación de cara a celebración do vindeiro Xacobeo 21, un acontecemento que supón unha oportunidade para conseguir unha Galicia máis verde e competitiva para a vindeira década.

Como parte desta colaboración, a Fundación Juana de Vega realizará un manual de boas prácticas con referencias que permitirán fixar as liñas de traballo recomendadas para as futuras actuacións que se realicen no ámbito paisaxístico do Camiño de Santiago.

Este proxecto conta cunha achega por parte do Goberno autonómico de preto de 200.000 euros repartida en dúas anualidades –preto de 90.000 euros neste exercicio e case 105.000 euros no 2020– e estará dividido en dúas partes: traballo de campo, con tres fases diferenciadas, e traballo técnico, dividido en catro etapas. No caso do traballo de campo, os especialistas da Escola Galega da Paisaxe iniciarán os labores localizando e identificando os elementos que deterioran a imaxe da Ruta Xacobeá para, posteriormente, xestionar a solución máis acertada cos propietarios e executar os traballos de dirección de obra.

No tocante ao traballo técnico, as actuacións centraranse na análise da integración paisaxística, na procura de solucións, na realización dunha representación cartográfica ou unha proposta técnica que inclúa a cuantificación económica e na tramitación das licenzas e seguros que sexan precisos.

Este novo proxecto enmárcase na preparación do Xacobeo 21 para o que o Goberno autonómico está a dar importantes pasos. Así, co obxectivo de que os trazados xacobeos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

cheguen a esta cita no mellor estado posible, púxose en marcha a licitación de oito contratos de mantemento cos que, grazas a un investimento de 15,6 millóns de euros, se actuará ao longo de máis de 1.250 quilómetros do Camiño de Santiago e en 121 concellos galegos. Ademais, tamén se están levando a cabo outras actuacións para a mellora da rede de albergues públicos coa apertura dun novo centro no Poulo, Ordes, e a licitación do albergue de Vigo. Igualmente, para promover e difundir os valores xacobeos producirase unha nova serie sobre o Camiño, que conta con importantes socios como Amazon Prime Video. Todo isto enmárcase no Plan estratéxico do Xacobeo en que se está a traballar mediante un amplo proceso participativo no que están implicadas máis de 600 persoas. Este plan, que funcionará como unha ferramenta sobre a cal se construírá a celebración Xacobeo 21 presentarase nas vindeiras semanas. Complétase coa convocatoria *O teu Xacobeo* que permitirá impulsar 352 iniciativas de dinamización en máis dun cento de concellos de toda Galicia grazas a unha achega por parte do Goberno autonómico de 4,7 millóns de euros.



A XUNTA ESTENDE AS AXUDAS PARA A CREACIÓN DE ESCOLAS INFANTÍS ÁS CONFRARÍAS DE PESCADORES E COOPERATIVAS AGRARIAS

- ***Esta convocatoria de axudas, a cuarta desde a implantación desta iniciativa en 2016, ascende a 800.000 euros e permitirá poñer en marcha ata un máximo de cinco novos centros***

O Consello da Xunta autorizou hoxe unha nova convocatoria de axudas para a creación de escolas infantís en contornas laborais, a cuarta desde a implantación desta medida en 2016, co obxectivo de achegar os recursos de conciliación aos lugares de traballo das familias. A orde deste ano ten a importante novidade de que abre ás confrarías de pescadores e cooperativas agrarias a posibilidade de solicitar estas achegas, que se suman ás asociacións e entidades de polígonos empresariais e zonas industriais como destinatarios desta iniciativa.

Esta nova convocatoria, en vigor para este ano e o que vén, conta cun orzamento total de 800.000 euros, o que permitirá a construción e posta en marcha de ata un máximo de cinco novas escolas infantís en contornas laborais. Subvencionarase ata o 100% do custo total do investimento realizado, cun límite de 200.000 euros para as escolas infantís de tres ou máis unidades e 41 ou máis prazas, e 150.000 para os centros máis pequenos.

As actuacións que se poden acoller a estas achegas son a realización do proxecto básico e de execución, o acondicionamento da parcela e a construción ou reforma do inmovible destinado a escola infantil, e o seu equipamento. Neste último inclúese o mobiliario, o material didáctico e de xogo.

Os requisitos para beneficiarse desta liña de axudas son dispoñer dunha parcela de terreo apta para acoller a escola infantil, achegar un estudo que reflicta o número de nenas e nenos menores de 3 anos potenciais usuarios dela e presentar un plan de viabilidade do centro a cinco anos.

Ao abeiro desta iniciativa financiouse a construción de tres novas escolas infantís, cun total de 176 prazas de atención á infancia. Dúas delas xa están en funcionamento: a do polígono Río do Pozo, en Narón, con 61 prazas; e a do polígono de Mos, con 74. A terceira, situada no polígono da Tomada, na Pobra do Caramiñal, dispón de 41 prazas e entrará en servizo o vindeiro curso escolar. Ademais, na última convocatoria desta orde resultou adxudicatario o polígono da Granxa, no Porriño.

A XUNTA ACHEGA 500.000 EUROS AOS CONSELLOS REGULADORES DE PRODUTOS DE CALIDADE DE GALICIA PARA APOIAR O SEU FUNCIONAMENTO

- ***O Consello do Goberno galego aprobou hoxe a repartición de axudas para 24 entidades que xestionan as indicacións xeográficas e denominacións de orixe protexidas da nosa comunidade***
- ***Neste exercicio increméntase o orzamento para esta finalidade máis dun 4% en relación co pasado ano***

O Goberno galego autorizou hoxe as axudas para gastos de funcionamento dos consellos reguladores (CCRR) que cada ano achega a Consellería do Medio Rural para contribuír ao seu traballo diario. Neste exercicio increméntase o orzamento en relación co pasado ano nun 4,17%, ata chegar aos 500.000 euros, que se distribuirán entre 24 entidades segundo criterios de repartición obxectivos.

En particular, tivéronse en conta, como todos os anos, aspectos relacionados coa dispersión da área xeográfica da denominación, o peso dos ingresos propios respecto dos gastos totais e o peso dos custos de persoal fronte ao total. Así, estas 24 entidades recibirán entre 11.700 e 29.000 euros cada unha para cubrir todo tipo de gastos de traballo e facilitar o seu labor ao longo de todo o ano.

Entre os gastos subvencionables están os custos de persoal, incluídas as cotizacións á Seguridade Social e as retencións do IRPF, e bens correntes e de servizos relacionados coa actividade normal dos consellos reguladores. Así, financiaranse cuestións como o alugamento de locais, bens funxibles, electricidade, telefonía, auga, gas, envíos e mensaxería, pólizas de seguros, gastos de desprazamento, manutención, aloxamento, etc.

A través destas axudas, a Xunta contribúe ao desenvolvemento das funcións destas entidades, claves no fomento e promoción da súa produción e no control dos alimentos de calidade. As subvencións son de especial relevancia para aqueles consellos reguladores cunha facturación global máis pequena e para os de recente creación, xa que son os que teñen maiores dificultades de autofinanciamento.

O sector agroalimentario dos produtos de calidade supón unha facturación anual duns 450 millóns de euros e implica case 30.000 explotacións agrarias (moitas delas de carácter familiar) e 900 industrias polo que ten unha grande importancia, tanto desde o punto de vista económico como social.

Por iso, a Xunta apoia e fomenta estas producións, tanto polo seu papel como referentes dentro do eido agroalimentario galego como polo seu potencial dinamizador socio-económico para o medio rural. Considérase fundamental para a economía galega e, polo tanto, para os cidadáns manter e intensificar a asociación Galicia/alimentos de calidade que existe nos consumidores do mercado español, polo efecto que ten no conxunto da economía



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

galega, tanto directo como inducido, na medida en que se dá valor á “marca” Galicia, o que repercute en beneficio de todos os cidadáns.



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

**CASE O 80% DOS TRABALLADORES LABORAIS FIXOS DA XUNTA SOLICITARON
XA CONVERTERSE EN FUNCIONARIOS E ACCEDER Á CARREIRA PROFESIONAL**

- ***Un total de 10.375 empregados públicos pediron acceder a este sistema, o 90% do total, segundo as primeiras cifras no peche do mes de xuño***
- ***A carreira profesional na Administración Xeral estase a implantar por vez primeira na historia da Xunta e está recollida no acordo de concertación social, asinado en xaneiro entre o Goberno galego e os sindicatos CC.OO. e UGT***
- ***Adicionalmente a estas retribucións, a Xunta aplicará xa na nómina deste mes unha suba salarial xeral do 0,25% a todos os empregados públicos, polo que a suba media este ano será de 885 euros máis por traballador***

Case o 80% dos traballadores laborais fixos da Xunta de Galicia solicitaron xa converterse en funcionarios da Administración autonómica e acceder así á carreira profesional, un sistema que se está a implantar na Administración xeral por primeira vez na historia da Xunta, segundo consta nun informe sobre o balance do Acordo de Concertación Social asinado no mes de xaneiro de 2019 entre o Goberno galego e os sindicatos CC.OO. e UGT.

Ao peche do primeiro semestre, 2.586 efectivos do persoal laboral fixo –o 78% do total que pode acceder á carreira profesional a través do réxime extraordinario- solicitaron á Dirección Xeral da Función Pública o acceso a este sistema, o que implica o seu compromiso de converterse en funcionarios. A esta cifra súmanse outros 7.789 funcionarios de carreira –o 95% do total– que tamén solicitaron xa o acceso á carreira.

Estas cifras demostran que a inmensa maioría dos traballadores da Xunta solicitaron xa o acceso á carreira profesional. Sumando o persoal de ambos os colectivos, un total de 10.375 empregados públicos pediron acceder a este sistema, o que supón o 90,1% do total de traballadores que podían solicitar o acceso á carreira profesional no eido da Administración xeral a través do réxime extraordinario.

A carreira profesional é un sistema voluntario e consolidable que recoñecerá o desempeño do empregado público e a súa formación continua, e que xa está implantado no Servizo Galego de Saúde. Esta carreira profesional dá resposta a unha reivindicación histórica das organizacións sindicais e o seu obxectivo é favorecer a motivación dos empregados públicos e a súa mellor formación, nunha época de grandes cambios tecnolóxicos e organizativos.

O sistema de carreira profesional conta con dous réximes de aplicación: un réxime ordinario cun grao inicial e catro graos, ao cal se poderán acoller os novos funcionarios e os que teñan menos de cinco anos de antigüidade, e un réxime extraordinario, habilitado de xeito excepcional para os traballadores con máis de cinco anos de antigüidade. Este réxime extraordinario contará con catro graos e comporta o acceso ao grao 1, e ten como finalidade recoñecer o desempeño xa realizado polos funcionarios ao longo da súa traxectoria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Os beneficiarios percibirán de xeito progresivo unha contía anual por cada grao que vai dos 761 euros na categoría de menor nivel ata os 2.460 na categoría A1. O prazo para solicitar o acceso á carreira profesional no réxime extraordinario remata o 29 de xullo.

Para poder progresar na carreira terase en conta, entre outros criterios, a actividade profesional, a formación e innovación, a implicación e o compromiso coa organización e a participación en iniciativas e programas especiais, en liñas de traballo específicas ou transversais, en procesos de cambio e na implantación de novos sistemas.

Suba salarial do 0,25%

O Acordo de Concertación Social estableceu tamén unhas subas salariais xerais para todos os empregados públicos da Xunta ata 2020. A Xunta está a cumprir estes compromisos, e neste 2019 xa está a aplicar unha suba salarial xeral para o conxunto dos empregados públicos do 2,25% con efectos desde o pasado 1 de xaneiro.

Ademais, o acordo establece unha suba salarial adicional do 0,25% con efectos do 1 de xullo, unha cantidade variable en función do crecemento do PIB do exercicio anterior. A Xunta aplicará esta suba adicional xa na nómina deste mes de xullo, logo de que o Consello de Ministros aprobase este incremento a finais do mes pasado. Sumando ambas as subas, os empregados públicos da Xunta percibirán de media este ano 885 euros máis que en 2018.

Hai que ter en conta que esta suba salarial xeral se une aos acordos acadados pola Xunta coas organizacións sindicais nos distintos ámbitos da Administración galega: a implantación da carreira profesional na Administración xeral, o restablecemento da carreira profesional no Sergas, o acordo salarial co persoal docente, o acordo co persoal da Xustiza e outros acordos máis específicos, como o dos axentes forestais e ambientais ou o do Consorcio de Igualdade e Benestar.

Máis emprego público

Finalmente, a Xunta está a cumprir o compromiso –incluído tamén no Acordo de concertación social- de ofertar no eido da Administración xeral –é dicir, sen contar Sanidade nin Educación– un mínimo de prazas de emprego público entre 2019 e 2020, que poderá ser ampliado nos correspondentes procesos de negociación sindical.

De feito, a Xunta xa aprobou neste 2019 os seus tres decretos de ofertas de emprego público, que suman un total de 5.157 prazas, a maior parte de acceso libre. Estas novas ofertas de emprego público permitirán seguir aumentando a estabilización do persoal, co obxectivo de acadar unha taxa de estabilización do 93%, e facilitando ao mesmo tempo o acceso á función pública galega, para aquelas persoas que queren traballar na Xunta de Galicia e cumpren os requisitos para facelo.

SANIDADE ESTENDE O CONTRATO DE CONTINUIDADE AO PERSOAL DE ENFERMARÍA CUN MÍNIMO DUN ANO DE DURACIÓN

- ***A prestación de servizos poderá realizarse no ámbito de atención primaria ou no de atención hospitalaria***
- ***Prevese formalizar neste 2019 máis de 100 contratos de continuidade nesta categoría profesional***

A Consellería de Sanidade estenderá o nomeamento estatutario eventual de continuidade no ámbito do Servizo Galego de Saúde ao persoal de enfermaría, co obxecto de cubrir de xeito óptimo as necesidades asistenciais conxunturais, garantir a estabilidade laboral destes profesionais e reducir o número de contratos sucesivos. O titular da carteira sanitaria galega, Jesús Vázquez Almuiña, informou hoxe desta medida no Consello da Xunta.

Esta ampliación foi apoiada onte polos sindicatos CEMS-O'Mega, UGT, CSIF e SATSE no seo da comisión de seguimento do Acordo sobre a formalización dos nomeamentos de persoal estatutario eventual de continuidade no ámbito do Servizo Galego de Saúde.

O nomeamento de continuidade permite ofrecer ao persoal de enfermaría interesado nesta modalidade contractual maior estabilidade no emprego, xa que prevé contratos cun mínimo dun ano de duración e tres de máximo. Tamén permitirá unha fidelización dos recursos humanos dispoñibles, a continuidade asistencial na relación enfermeiro-paciente e unha maior calidade asistencial.

A extensión desta nova modalidade contractual, de carácter voluntaria, será ofertada ao persoal de enfermaría anotado nas listaxes de selección temporal do Sergas. Os nomeamentos realizaranse para prestar servizos ou ben no ámbito de atención hospitalaria (con especial repercusión nas áreas de hospitalización, urxencias, críticos ou pediatría), ou ben no ámbito de atención primaria. A implantación desta medida para o persoal de enfermaría terá carácter inmediato e a previsión do Sergas é formalizar neste mesmo ano máis de 100 contratos de continuidade.

Ao igual que no nomeamento estatutario eventual de continuidade para vínculos temporais do persoal médico de familia e pediatras de atención primaria, na finalización dos nomeamentos no persoal de enfermería, se a prestación dos servizos se estendese por un período acumulado de 12 ou máis meses nun período de dous anos, estudaranse as causas que o motivaron para valorar, se é o caso, se procede a creación de prazas estruturais.

O persoal de enfermaría vinculado a estes contratos terá garantido o mesmo réxime de descansos, permisos e vacacións que o resto do persoal estable.

Este nomeamento de continuidade vén aplicándose aos médicos de familia xa desde hai meses, tras o acordo acadado entre o Sergas e os sindicatos en xaneiro pasado. A medida



non só permitiu recuperar profesionais, senón tamén reter os residentes que remataron o pasado mes de maio a súa residencia no Sergas.

Medidas xa adoptadas

A extensión deste novo contrato de continuidade para o persoal de enfermaría vén complementar outras medidas xa adoptadas no eido da sanidade pública, na procura da mellora das condicións de traballo dos profesionais do Sergas. Entre estas iniciativas destacan as ofertas públicas de emprego na categoría de enfermeira e enfermeira especialista no período 2013-2019, cun número de 1.519 prazas ofertadas.

Outra iniciativa posta en marcha é o concurso de traslados aberto e permanente, de carácter anual, co obxecto de fomentar a conciliación da vida laboral e familiar, e que permite atraer profesionais doutros servizos. No último concurso aberto e permanente as prazas de enfermaría convocadas foron 1.840.

Cómpre subliñar que Galicia é das primeiras comunidades autónomas na creación e implantación efectiva da categoría de enfermeira especialista, en que se inclúen as especialidades de enfermaría familiar e comunitaria e enfermaría pediátrica.

Adicionalmente, o persoal de enfermaría resulta partícipe da mellora das condicións laborais de xeral aplicación do Sergas e empregados públicos da Xunta que se veñen aplicando desde a recuperación económica (pagamento complemento específico adicional desde o ano 2017; devolución da paga extraordinaria de decembro de 2012; implantación da carreira profesional ordinaria con recoñecemento de dous graos en dous anos; recuperación de tres días adicionais de libre disposición ou o pagamento do 100% das retribucións en caso de incapacidade temporal, desde o primeiro día de baixa, entre outras).

GALICIA REPOBOARÁ OS BANCOS MARISQUEIROS CON PRETO DE 20 MILLÓNS DE UNIDADES DE SEMENTE DE AMEIXA BABOSA E FINA

- ***Esta acción de sementeira con especies autóctonas será realizada por sete confrarías e unha asociación nunha superficie de preto de 168.000 m²***
- ***A Xunta subvenciona estas e outras accións ao abeiro da convocatoria de axudas de 2019 a proxectos colectivos para as anualidades 2019 e 2020, para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños***
- ***Esta convocatoria continúa aberta, xa que por primeira vez as entidades interesadas poderán presentar solicitude de axuda ao longo de todo o ano***
- ***Nesta primeira fase de adxudicación a Consellería do Mar aprobou 19 proxectos colectivos para recuperar hábitats mariños e costeiros en favor de poboacións de especies de interese marisqueiro por valor de preto de 684.000 euros***

A Consellería do Mar subvenciona a repoboación de bancos marisqueiros con preto de 20 millóns de unidades de semente de especies autóctonas, en concreto ameixa babosa e ameixa fina, ao abeiro da convocatoria de axudas de 2019 a proxectos colectivos, para as anualidades 2019 e 2020, para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños. Esta repoboación será realizada por sete confrarías e unha asociación nunha superficie de preto de 168.000 m².

As entidades que se beneficiarán destas sementeiras son Pontedeume, Camariñas, A Illa de Arousa, Cambados, Vigo, O Grove, Redondela e a Asociación Marisqueira a Flote Ría de Vigo. Estas actuacións forman parte dalgúns dos proxectos colectivos que subvenciona a Consellería do Mar na primeira fase de adxudicación da convocatoria deste ano das axudas para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

Esta convocatoria continúa aberta xa que, a diferenza dos anos anteriores en que o prazo de presentación de solicitudes era de dous meses, por primeira vez este ano as entidades interesadas poderán presentar solicitude de axuda ao longo de todo o ano. Deste xeito realízase unha primeira adxudicación coas solicitudes presentadas ata o 1 de marzo e realizarase unha segunda adxudicación coas presentadas ata o 1 de setembro. As solicitudes con data de presentación a partir do 2 de setembro quedarán para a seguinte convocatoria.

En total, ao abeiro da primeira fase da convocatoria de 2019 destas achegas, a Consellería do Mar aprobou 19 proxectos colectivos para recuperar hábitats mariños e costeiros en favor de poboacións de especies de interese marisqueiro por un importe de preto de 684.000 euros, unhas axudas das cales se benefician 13 entidades, a maioría confrarías de pescadores. Así o reflicte un informe analizado hoxe no Consello da Xunta sobre a resolución da primeira fase da convocatoria de 2019 destas axudas, que tamén especifica



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

que o 92% do importe das axudas concedidas se corresponde coa provincia de Pontevedra e o 8% para entidades da provincia da Coruña.

Ademais dos proxectos que inclúen repoboación de especies autóctonas, ao abeiro desta convocatoria tamén se aprobaron iniciativas que inclúen accións como a remoción de substrato nunha superficie de máis de 211.000 m² e a dragaxe e achega de áridos para promover a reprodución de organismos mariños nunha superficie de preto de 154.000 m². Estas accións realizaranse nas confrarías de Miño, Pontedeume, Camariñas, Arcade, Vilaxoán, A Illa de Arousa, Cambados, Vilaboa, Vigo, O Grove, Redondela, Sociedade Cooperativa Galega Ría de Arousa e a Asociación Marisqueira a Flote Ría de Vigo. Tamén hai un proxecto da confraría de Arcade relacionado coa recuperación da ostra plana *Ostrea edulis* na enseada de San Simón.

Recuperación de hábitats costeiros

Estes proxectos súmanse aos 72 aprobados nas convocatorias de 2017 e 2018 por valor de arredor de 2,3 millóns de euros. Destas axudas beneficianse as confrarías, organizacións de produtores e entidades asociativas do sector titulares de plans marisqueiros en réxime de coexistión e con sede social en Galicia.

A través delas apóianse proxectos colectivos que se desenvolven en Galicia e que teñen por obxecto recuperar hábitats mariños e costeiros en favor de poboacións de especies de interese marisqueiro ou que contribúen a unha mellor xestión ou conservación dos recursos biolóxicos mariños. As accións que inclúen estas iniciativas redundan na ampliación das zonas de traballo do sector marisqueiro e na mellora da xestión e conservación dos recursos marisqueiros. Tamén permiten ás entidades do sector conservar o estado do recurso e a restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras. Ademais, estes proxectos contribúen a impulsar o sector marisqueiro como elemento clave na economía azul de Galicia desde unha perspectiva ambiental e socialmente responsable.